P **ARTIDO DISPUTADO MALIA O CALOR.**

Baixo unha intensa tarde de calor disputouse o partido entre o Numancia e o equipo da EF Naron "A". Encontro aprazado no seu día, correspondente á 4ª xornada do Trofeo organizado pola AFACO.

Prados Vellos 8 de abril de 2011.

Partido xogado de tu a tu entre os dous equipos e que deixaría o primeiro e o segundo cuarto sen goles. Xa no terceiro cuarto a maior idade dos xogadores do equipo narones, e o seu bo facer, faríanse valer, para anotarse este cuarto por tres goles a cero. No cuarto e ultimo parcial, un solitario gol do equipo visitante seríalles suficiente para facerse con éste, e levarse o partido por un resultado global de Numancia 0 - EF Narón "A" 2.